

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA CORUÑA**

ANUNCIO da aprobación definitiva da modificación puntual do Plan parcial do sector 7 Recinto feiral de Someso. Normativa, A Coruña (expediente 631/2024/227).

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria realizada o 8 de maio de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

«Primeiro. Aprobar o informe elaborado polos técnicos municipais o 10 de abril de 2025, de resposta á alegación presentada durante o período de exposición pública.

Segundo. Aprobar definitivamente o documento denominado Modificación puntual nº 3 do Plan parcial do sector 7 Recinto feiral de Someso. Normativa, presentado o 22 de abril de 2025 por Espacio Coruña Shopping, S.L. e asinado dixitalmente polo arquitecto Álvaro Fernández Carballada e a arquitecta Beatriz Aneiros Filgueiras.

Terceiro. Notificarlle este acordo á entidade titular da parcela afectada e aos servizos e departamentos municipais interesados na tramitación do expediente.

Cuarto. Publicar este acordo no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial* da provincia, e realizar a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, segundo o disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do solo de Galicia».

O contido íntegro da modificación puntual aprobada pódese consultar fisicamente nas dependencias da Área Municipal de Urbanismo, e de forma dixital na sede electrónica deste concello, na páxina web <https://www.coruna.gal/urbanismo>, na epígrafe Planeamento vixente, ou ben, desde a mesma páxina web, a través do visor Desenvolvemento do planeamento.

Contra este acordo, con carácter de disposición administrativa de carácter xeral, pódese interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigo 201.1 do seu regulamento), no prazo máximo de dous meses que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co



disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de interpoñer calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme dereito.

A Coruña, 15 de maio de 2025

A alcaldesa

P.D. (Decreto 3531/2024, do 19 de xuño; BOP núm. 123, do 27 de xuño)

Francisco Dinís Díaz Gallego

Concelleiro delegado responsable da Área de Urbanismo,
Rehabilitación e Vivenda

